



## BASES DO CONCURSO DE ADORNOS

### “NADAL NO PEREIRO”

#### **1. OBXECTO:**

O Concello do Pereiro de Aguiar presenta a III edición do Concurso de adornos de Nadal, iniciativa enmarcada no proxecto **“Nadal no Pereiro”** polo que se adornará unha árbore na Praza do Concello, onde os participantes colgarán o seu adorno.

#### **2. PARTICIPANTES:**

Poden participar todos os veciños e veciñas do Concello, de calquera idade.

Establécense dúas categorías:

- a) **Categoría infantil**, nenos e nenas de entre 1 e 16 anos.
- b) **Categoría de adultos**, a partir de 17 anos.

#### **3. XURADO:**

O xurado estará formado por persoal da Biblioteca e a Concelleira de Área de Benestar Social, Festexos, Ocio e Tempo Libre.

#### **4. VALORACIÓN:**

Entre o **20 e 29 de decembro**, os participantes deberán colgar o seu adorno na árbore do Concello e enviarán unha ou varias fotografías do mesmo ao correo electrónico [cultura@concellopereiro.com](mailto:cultura@concellopereiro.com) ou ao whatsapp 685 528 538 indicando os datos do participante que incluírán:

- Nome e apelidos.
- Idade.
- Teléfono de contacto.

**É IMPRESCINDIBLE O ENVÍO DAS FOTOGRAFÍAS E DOS DATOS DO PARTICIPANTE;** se non se achega esta información, non se valorará o adorno.

O motivo do envío das fotografía débese a que ao estar ao aire libre, os adornos poden estragarse antes da data do fallo do xurado polo que é

---

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395



preciso ter un documento gráfico para poder valoralo correctamente.

Para a valoración dos elementos decorativos de Nadal, o xurado terá en conta os seguintes criterios:

- a) Deseño.
- b) Orixinalidade.
- c) Utilización de recursos reciclados ou da natureza.

Cada membro do xurado puntuará a decoración de 1 a 5 puntos. A suma de todos os puntos, dará lugar aos gañadores do concurso.

O fallo do xurado será o día **30 de decembro**, sendo este inapelable. Os participantes comprométese a aceptar a decisión do xurado.

Os gañadores comunicaranse a través da web do Concello, e por vía telefónica.

#### **5. MATERIAIS QUE SE PODEN EMPREGAR:**

Cada participante pode presentar un máximo de **dous adornos** que deben ser de elaboración propia, é dicir, non poden mercarse como tal. Os adornos deben ter relación coas datas de Nadal, e os participantes terán plena liberdade en canto a técnica, os materiais e o estilo a empregar.

**É IMPRESCINDIBLE QUE OS ADORNOS POIDAN COLGARSE NA ÁRBORE, NON PODENDO EMPREGARSE O RESTO DE ESPAZOS DA PRAZA PARA TAL FIN.**

#### **6. PREMIOS:**

- **Categoría infantil:** Lote de libros.
- **Categoría adultos:** premio de 50 euros.





## CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

### 7. ENTREGA DE PREMIOS:

A data de entrega dos premios do concurso comunicarase vía telefónica aos interesados e publicarase na web do Concello.

Máis información na web do concello: [www.concellopereiro.com](http://www.concellopereiro.com) ou na Biblioteca Pública, no enderezo electrónico [cultura@concellopereiro.com](mailto:cultura@concellopereiro.com) ou nos teléfonos de contacto 988 25 98 39 e 685 52 85 38.

No Pereiro de Aguiar, na data da sinatura electrónica.

O alcalde.

Luís Menor Pérez.

### DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

**ORGANIZA**  
:



concello do  
**Pereiro**



---

**Concello do Pereiro de Aguiar**

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395



Cod. Validación: 77F5JMMWYA3TFJTSC2STR75QT | Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3